



CÍRCULO DE SILENCIO

Rede Social Galicia Sur

#CírculosDeSilencioVigo

13 de abril

“Sabemos que o home branco non comprende o noso modo de vida. Tanto lle ten un trozo da nosa terra como outro calquera, pois é un extraño que chega na noite a arrincar da terra aquilo que precisa. A terra non é a súa irmá, senon a súa inimiga, e unha vez conquistada abandónaa, e prosegue o seu camiño deixando atrás a tumba dos seus pais sen importarlle nada. Roba á terra aquilo que pertence aos seus fillos e non lle importa nada. Tanto a tumba dos seus pais como os dereitos dos seus fillos son esquecidos. Trata á súa nai, a terra, e ao seu irmán, o ceo, como cousas que se poden mercar, saquear e vender, coma se fosen cordeiros ou colares que intercambian por outros obxectos. A súa fame insaciable devorará todo o que hai na terra e detrás deixarán tan só un deserto.”

Cando o gran Xefe Seattle proclamaba estas palabras ante o presidente de Estados Unidos, hai xa máis dun século, parecía estar a profetizar o noso presente: cambio climático, crise de materias primas, esgotamento das reservas petrolíferas, contaminación e escaseza de acuíferos de auga potable, quecemento global...

O vindeiro día 22 de abril celébrase en todo o mundo o Día da Terra, e queremos aproveitar esta data para expresar cun berro de silencio a nosa protesta ante a situación medioambiental do noso planeta. A Humanidade, e en particular a civilización occidental, coa súa explotación masiva dos recursos e o seu desprezo pola vida das outras especies (e con frecuencia tamén da propia especie humana), está a provocar unha crise global sen precedentes, unha crise da que so poderemos saír se, dunha vez por todas, aprendemos a traballar cooperativamente e con miradas a longo prazo. Non podemos agardar máis. O tempo é agora, se non queremos que os nosos fillos e fillas paguen as consecuencias, se non queremos ser culpables ante eles e elas dun futuro aínda peor que o noso xa crítico presente. Moitas, moitos, as persoas e comunidades máis vulnerables e empobrecidas, coma sempre, están a ser as primeiras vítimas: guerras e violencia, fame e falla de recursos, migracións masivas e fronteiras militarizadas... É ese o mundo que queremos?

A nivel global, son moitos os chamamentos e mobilizacións que nos últimos lustros están a dar a voz de alarma ante unha situación que empeza a ser dramática. As primeiras denuncias viñeron das organizacións ecoloxistas, que padeceron indiferencia, cando non burlas, dos poderes mediáticos, que consideraban inxenuas e exaseradas as denuncias destes colectivos. Pero despois foron sumándose moitas máis voces: en primeiro lugar precisamente aqueles que non podían ser acusados de desinformación ou esaxeracións: os mesmos colectivos científicos expertos nestas cuestións. Nos últimos anos, unidos baixo as etiquetas “Extinction Rebellion” e “Scientific Rebellion”, desesperadas e desesperadas pola inacción dos gobernos, están a promover un movemento de desobediencia civil e protesta que está a dar expresión a gravidade da crise que estamos a vivir. A comunidade científica leva trinta anos avisando dun futuro que xa é presente sen acadar cambios concretos, e non poden máis: Ou a rebelión ou a extinción. A mensaxe non pode ser máis clara. A estes colectivos sumáronse tamén os máis xoves, que unidos baixo nomes como “Fridays for Future” (ou *Xuventude polo Clima*) teñen saído ás rúas para esixir o futuro que os seus antecesores non parecen preocuparse por proporcionarlles. E dende o mesmo mundo relixioso, con frecuencia lento e conservador, dende o budismo ao cristianismo, son cada vez máis contundentes e urxentes

os chamamentos a actuar ante a grave crise medioambiental. Boa prova disto é a encíclica “Laudato Si” do papa Francisco. En definitiva, cada vez máis organizacións e colectivos saen a rúa, cada vez hai máis mobilizacións da sociedade civil, cada vez hai máis indignación ante a inacción dos gobernos. Estamos fartas, fartos, ante a falta de vontade, ante o curtopraxismo, ante a despreocupación polo noso futuro como especie e ante o futuro da vida do noso planeta.

Sentímonos na obriga de denunciar e sensibilizar, pero tamén de esixir políticas concretas no noso ámbito máis próximo. Así, en Galicia demandamos políticas moito máis ambiciosas que poñan o medio ambiente no centro, máis aló dos intereses económicos inmediatos. Por poñer dous exemplos ben coñecidos: en primeiro lugar, non podemos máis que sumarnos ás protestas xeneralizadas dos colectivos veciñais e ecoloxistas, así como das comunidades de montes, contra as políticas da Xunta na instalación de parques eólicos ao servizo das grandes empresas do sector sen contar co consenso dos entornos afectados e sen respectar a biodiversidade dos espazos naturais. En segundo lugar, o mesmo sucede, co agravante de que neste caso nin sequera se pode falar de enerxía verde, coas explotacións mineiras que a Xunta leva tempo promovendo en moitos territorios, a pesares, tamén, da contundente oposición veciñal.

Nun ámbito máis local, en Vigo organizacións como Ecoloxistas en Acción e Amigos da Terra levan tempo denunciando os arboricidios promovidos dende o Concello para, por paradóxico que resulte, *humanizar*, así o chaman, as nosas rúas e parques. A ‘excusa’ de que son árbores enfermas debería levarnos a reflexionar sobre as causas desas supostas enfermidades, determinadas pola falta de atención e coidados que se adican a estes osixenadores naturais da nosa contorna. A esas políticas humanizadoras, que supoñen engadir cada vez máis cemento a costa da natureza, cómpre engadir a contaminación sonora e lumínica que están a levar á nosa cidade a destacar por esa circunstancia nos índices estatais, algo que debería avergoñarnos e que para algúns parece ser motivo de orgullo. Pódense facer as cousas doutra maneira, pódese apostar polas peatonalizacións, por zonas de baixas emisións verdadeiramente controladas e efectivas, pola baixa intensidade lumínica e sonora, por espazos naturais fronte á invasión do cemento...

Por último, apelamos á veciñanza para que no seu ámbito particular se comprometa cos principios do consumo responsable, consciente e transformador. Reducir o noso consumo, reciclar na medida do posible e reutilizar cada vez máis, apostar polos produtos locais e de tempada, comprometerse con enerxías limpas e renovables, utilizar transportes públicos e colectivos ou por medios de locomoción que non xeren residuos (ir a pé ou en bicicleta), implicarse en grupos de consumo e proxectos agroecolóxicos que garantan condicións xustas para os traballadores e o medioambiente. E, por suposto, esixir cambios nas políticas medioambientais dos nosos gobernos.

Como dicía o Gran Xefe Seattle noutro fragmento do discurso que mencionabamos no comezo deste manifesto: “Isto é o que sabemos: a terra non pertence ao ser humano, é o ser humano o que pertence á terra. Isto é o que sabemos: todas as cousas están ligadas como o sangue que une a unha familia. O sufrimento da terra convertírase en sufrimento para os fillos da terra. O home non teceu a rede que é a vida, só é un fío máis da trama. O que fai coa trama está a facerllelo a si mesmo”.

Hai moito por facer para que a nosa pegada ecolóxica sexa a mesma que a que deixamos na area nun día de marea baixa: unha pegada efímera, que permita que os que veñen detrás poidan seguir habitando e disfrutando da beleza do noso planeta.

Rematamos, coma sempre, convidándovos a participar no próximo círculo de silencio, que terá lugar o día 4 de maio.

Grazas a todas por asistir!